

INSTRUCCIÓN Nº 1/2024 POLA QUE SE REGULA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DA ANUALIDADE 2024 E A ACTIVACIÓN DA LISTA DE AGARDA APLICABLES AOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS AO ABEIRO DA SUBMEDIDA 19.2 (PROXECTOS LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020

Respecto á ampliación do prazo de execución e xustificación, o artigo 22 da Resolución do 13 de decembro de 2019 pola que se publica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) publicadas no DOG núm 246, do 27 de decembro de 2019 regula a modificación por ampliación do prazo de execución e xustificación por modificacións no orzamento do proxecto ou no seu financiamento.

En concreto, o apartado 1 do citado artigo 22 establece que *"Cando o beneficiario non poida finalizar os investimentos ou cumprir os compromisos no prazos determinados na resolución de concesión, poderá solicitar a Agader, a través do GDR (anexo X), unha prórroga antes do remate do prazo de xustificación, xunto cunha memoria xustificativa, en que quede constancia da situación actual do proxecto, causas do atraso na execución e previsión e prazos de finalización"*.

En relación coa ampliación do prazo de xustificación, o artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro de 2009), a partir de agora RLSG sinala que *"O órgano concedente da subvención poderá outorgar, salvo precepto en contra establecido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade deste e sempre que con isto non se prexudiquen dereitos de terceiros"*.

Así mesmo, o artigo 45.5 do RLSG engade que *"En todo caso o prazo de xustificación, incluída a ampliación, deberá permitir ao órgano concedente a verificación do cumprimento dos requisitos fixados nas bases reguladoras dentro do exercicio orzamentario correspondente"*.

En canto á activación da lista de agarda, o artigo 16.3 do Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) dispón que *"As propostas de resolución de concesión da axuda emitidas pola xunta directiva do GDR, en que se inclúa unha relación de proxectos para os que se propón axuda, incluirán, no caso de que existan,*



unha lista de agarda (ordenada de maior a menor prioridade) formada por proxectos que contén co ICE verificado pola Agader e para os cales non exista crédito dispoñible na anualidade"

O parágrafo 2 do artigo 17.4 do Acordo do 13 de decembro de 2019 citado engade que *"os proxectos incluídos polo GDR na lista de agarda e que non acaden na anualidade en que son presentados, a concesión de axuda por non terse producido desistencias, renuncias ou perdas de dereito relacionadas con outros expedientes, poderán optar á concesión de axuda no período de valoración inmediatamente seguinte, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no citado punto 4 do artigo 16 destas bases reguladoras"*.

En canto á competencia para ditar esta instrución, o apartado quinto do Acordo do 13 de decembro de 2019 faculta a persoa titular da Dirección Xeral da Agader para ditar os actos necesarios para a correcta aplicación e cumprimento do acordo.

Co obxecto de establecer os criterios interpretativos aplicables á ampliación do prazo de execución e xustificación e á activación da lista de agarda aplicables aos proxectos tramitados ao abeiro da submedida 19.2 do PDR de Galicia 2014-2020, dítase a seguinte instrución:

1. Ampliación do prazo de execución e xustificación dos proxectos (Prórrogas anualidade 2024)

Poderá concederse unha prórroga ata o prazo máximo do **15 de novembro de 2024** a aqueles expedientes que así o soliciten conforme ao establecido no artigo 22 das bases reguladoras sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:

- O expediente fose obxecto dunha resolución de concesión de axuda no ano 2024, como resultado da ampliación de crédito do cadro financeiro da medida 19.2
- Que o expediente estea executado en mais do 50% do gasto subvencionable.
Para acreditar este requisito, deberá achegarse xunto coa solicitude de prórroga, un informe asinado pola xerencia do GDR no que se certifique a comprobación do citado nivel de execución.

2. Activación da lista de agarda

Soamente se activará a lista de agarda co crédito liberado como consecuencia de renuncias presentadas en Agader **ata o 20 de setembro de 2024**.

A partir desta data o crédito liberado como consecuencia de renuncias ou perdas do dereito ao cobro soamente poderá ser empregado para atender os incrementos da axuda concedida a aqueles expedientes que se atopan nunha situación de Resolución Parcial da concesión.



3. Publicidade e entrada en vigor desta instrución

Esta instrución publicarase na web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e notificarase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>) a todos os GDR seleccionados para a aplicación dunha Estratexia de Desenvolvemento Local participativo ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Todas as normas contidas nesta instrución serán aplicables aos proxectos que se seleccionen dentro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
M^a Paz Rodríguez Rivera

